

Saídas profesionais para os médicos de familia en Galicia

Miranda Pena, F.

Médica de Familia. PAC de Lalín (Pontevedra)

CAD. ATEN. PRIMARIA 2005; 12: 82-85

A seguinte pretende ser unha pequena análise das opcións laborais para un médic@ de familia en Galicia. Cómpre non esquecer que as perspectivas actuais non se limitan ao territorio galego, senón que existe un amplo abano de ofertas para o exercicio no estranxeiro (Suecia, Inglaterra, Portugal...), e outras comunidades do estado español, que non serán obxecto de análise neste artigo.

Para comezar facendo un esbozo do panorama actual galego, a primeira reflexión debe contemplar a desproporción entre o número de médic@s de familia formados nos últimos anos e a necesidade destes profesionais no noso territorio. Isto pode ser interpretado como unha vantaxe en termos de oferta para as últimas promocións, se ben non debemos esquecer que é a consecuencia directa do éxodo de moitos licenciados que en anos previos buscaron mellores condicións noutros ámbitos, especialmente o norte de Portugal.

O que se deriva do anterior é que o médic@ de familia, tendo en conta ademais a súa formación multidisciplinar (atención primaria, urxencia, rotacións hospitalarias), resulta no momento actual en Galicia un PROFESIONAL DEMANDADO.

Pese a non resultar difícil conseguir emprego, as condicións laborais en case que todos os posibles ámbitos non son óptimas. A carencia de estabilidade laboral e a desproporción entre traballo exercido e contrapartidas para o/a traballador/a seguen a ser a tónica.

A única lectura positiva que desta realidade podemos facer, con ánimo dun enfoque construtivo, é que representa unha oportunidade de coñecemento de variadas experiencias profesionais, o que pode resultar incluso formativo en si mesmo.

Para comezar a entrar en materia, comentarei as seguintes opcións profesionais, que sen menoscabo doutras moitas, representan as maioritarias:

REDE PÚBLICA:

- ATENCIÓN PRIMARIA
- HOSPITAIS DA REDE PÚBLICA
- UNIDADES DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO
- ADMINISTRACIÓN SANITARIA, SAÚDE PÚBLICA.

REDE PRIVADA E FUNDACIÓNS:

- FUNDACIÓN URXENCIAS E EMERXENCIAS 061
- HOSPITAIS-FUNDACIÓN
- MUTUAS (MATEPSS)

ATENCIÓN PRIMARIA:

Trala recente aprobación do Novo Modelo de Urxencias Extrahospitalarias, contéplase esta como a única vía de entrada a un futuro laboral na Atención Primaria de Saúde.

O traballo na Urxencia Extrahospitalaria organízase en torno aos chamados Puntos de Atención Continuada (PAC). O Novo Modelo estase a implantar progresivamente nas sete áreas sanitarias mediante a figura do PAC PILOTO.

Na actualidade conviven Puntos de Atención Continuada nos que segue vixente o modelo anterior (que previsiblemente en novembro terán condicións de PILOTO) cos actuais "pilotos" que a partir dese intre rexeranse polas condicións do Novo Modelo (que inclúe moi discretas melloras nas remuneracións, contratos de interinidade e dereito a vacacións, ausente ata agora).

Ata o momento, a modalidade de traballo para un médico de familia nun PAC era (e segue a ser en moitos deles) a Vinculación: obrigatoriedade de asumir un número determinado de horas de garda ao mes (actualmente 14 euros brutos/hora) e dispoñibilidade para a cobertura de atención ordinaria. A renuncia á consulta ordinaria –que na maioría das ocasións se organiza de xeito improvisado– pode implicar unha penalización.

Nos novos PAC PILOTO establécese mediante un Plan Funcional o número de gardas que cada médico debe realizar, sendo voluntaria a asunción de horas de atención ordinaria (a 21 euros brutos a hora). As retribucións serán de 31.000 euros brutos anuais en 2005, 33.000 en 2006 e 34.000 en 2007 (similares ás dun Médico de Familia cun cupo de cero pacientes).

Os PACs que non pertencen ao Novo Modelo este vindeiro mes de novembro (remate previsíbel da OPE), iranse incorporando de xeito paulatino nos segundos semestres de 2006 e 2007.

A adscrición dun profesional a un PAC realízase nun acto de elección seguindo unhas listaxes previamente confeccionadas en base a un baremo (ver www.sergas.es, apartado Emprego Público, convocatoria 6/2004).

Outra opción para traballar en Atención Primaria (especialmente para os médicos de familia das dúas últimas promocións) non estando "vinculado" a un PAC é a de cubrir as substitucións que o persoal vinculado non abrangue.

O baremo para as listas de contratación concede valor a:

- Expediente académico.
- Especialidade MFeC.
- Coñecementos de galego.
- Formación continuada.
- Experiencia profesional.
- Disponibilidade para contratacións (presenza en listas).
- Experiencia en urxencias extrahospitalarias.

E está recorrido pola AGAMFEC porque:

- Considera que se sobreestima a puntuación outorgada a aspectos como a disponibilidade para contratacións (presenza en listas, un total máximo de 5 puntos) fronte á formación regrada (especialidade vía MIR, igualmente 5 puntos).

HOSPITAIS DA REDE PÚBLICA:

Esta opción é especialmente viable para os Médicos de Familia que se forman neles. Habitualmente a idoneidade previa á contratación non se establece mediante un baremo, senón como froito dunha avaliación do período de residencia.

Nas urxencias hospitalarias abonda o xeito de contratación "para gardas", con alta continuada á seguridade social (parece obvio, pero é unha conquista recente, do ano 2004), establecendo un número mínimo de gardas para elo e a unha media de 14 euros brutos a hora de garda (suba aprobada no 2005; ata este ano eran 12 euros).

Nas épocas vacacionais dos titulares, existe a modalidade de "contratos de substitución", que inclúen quendas e gardas por un salario establecido. Fóra do período estival este tipo de contratos son máis infrecuentes, resultando difícil para un médico recentemente especializado acadar certa estabilidade laboral neste ámbito –variable en función do Hospital. As perspectivas de emprego estable polo momento son escasas, especialmente se temos en conta que a OPE está aínda sen concluír.

É certo tamén que existe unha avantaxe na maioría dos hospitais galegos: nas Urxencias existe preferencia por médicos de familia fronte a outros especialistas.

UNIDADES DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO

As unidades de hospitalización a domicilio representan outra saída profesional para os médicos de familia, se ben a recente dotación de persoal da maioría das unidades fai prever que a renovación non vai realizarse en breve. Pouca oferta, pois, de prazas.

ADMINISTRACIÓN SANITARIA E ESCALA DE SAÚDE PÚBLICA

Na Administración Sanitaria non se realizan convocatorias para a elaboración de listaxes que regulen o emprego dende o ano 2.000. O modelo habitual de contratación na actualidade é mediante asistencia técnica, consistente nun contrato de duración determinada para un fin concreto, en ocasións mediante unha empresa externa. A remuneración pode ser igual ou inferior á dun profesional funcionario que desempeña un labor similar.

A efectos de puntuación este é un traballo non baremable, posto que legalmente non se traballa para a Administración (en caso de ser contratado por unha empresa externa).

Pode aportar outra perspectiva da práctica dun médico de familia na medida en que se poden adquirir habilidades no deseño de programas de saúde, xestión de recursos, etc. Ademais, o horario de traballo sempre é matutino, sen turnicidade nin nocturnidade e hai habitualmente boa dispoñibilidade para a formación continuada.

FUNDACIÓN PÚBLICA SANITARIA DE URXENCIAS E EMERXENCIAS 061

Para un médico de familia, existen dous ámbitos de traballo no 061: o da coordinación e o asistencial.

Os últimos anos vense realizando unha convocatoria anual de prazas nos dous ámbitos, coa administración dun curso de formación previo á contratación de persoal (habitualmente no mes de maio). Pódese atopar información das convocatorias na páxina www.061-galicia.com/asp/index.asp. Tamén se publican nos xornais (en torno ao mes de marzo).

A selección faise mediante un exame e entrevista persoal en cada convocatoria.

COORDINACIÓN:

O traballo desenvólvese na central de coordinación en San Marcos- Santiago e consiste na valoración da urxencia telefonicamente mediante un interrogatorio dirixido:

- consulta e tratamento telefónico -se é posible- de patoloxías,

- coordinación de urxencias e emerxencias,
- xestión da utilización de recursos humanos e materiais (persoal sanitario, ambulancias,...)

A remuneración atópase en torno a 1500 euros mensuais por 20 horas semanais (media xornada), con posibilidade de compatibilizar ben co ámbito asistencial no 061 ou con outras opcións.

A coordinación aporta perspectiva dos recursos cos que conta o sistema sanitario galego e adquirese adestramento en priorización das urxencias, pero co lóxico distanciamento do ámbito real no que ocorre a urxencia e das circunstancias físicas que a acompañan. Se non se compatibiliza coa asistencia o contacto co doente límitase á conversa telefónica.

Neste ámbito, a nocturnidade e a turnicidade (inicialmente de predominio en fins de semana) son características do traballo. Existe a posibilidade de participación en grupos de traballo do propio 061 e acceso á formación de balde impartida polo mesmo.

ASISTENCIAL:

Unha posibilidade é traballar nunha ambulancia medicalizada con sede nunha das sete grandes cidades galegas. En A Coruña e en Vigo existen dúas unidades traballando simultaneamente. No verán tamén existe unha dotación en Sanxenxo.

A outra posibilidade (en Ourense e Santiago) é a de compatibilizar o traballo da UVI móbil co dos helicópteros medicalizados con sede nestas dúas cidades (o contrato engloba as dúas funcións).

Requírese un axeitado manexo da urxencia vital e emerxencia, así como adestramento en Soporte Vital Avanzado. A formación, impartida polo 061, é intensiva e gratuíta.

A remuneración é comparativamente boa (en torno a 2100 euros, cunha previsible suba salarial en breve) cunha media de cinco gardas de vintecatros horas cada mes, existindo un período de descanso entre gardas.

Existe unha relativa perda de contacto coas patoloxías que non implican urxencia vital.

HOSPITAIS-FUNDACIÓN

Alguns hospitais comarcais precisan actualmente persoal para as urxencias, ofrecendo contratos ás veces mellores que os da rede pública. (Maior mobilidade de persoal e contratos máis estables, con salario algo menor).

O tempo traballado ata o momento puntuábase menos nos listados de contratación do Sergas, pero a normativa vixente concédelle agora o mesmo valor se existe reciprocidade.

As convocatorias de prazas para Urxencias e a apertura de listados de contratación publícanse en www.sergas.es. Igualmente para o Centro de Transfusións de Galicia: convocatoria actual (mes de xuño 05) para 16 Médicos de Familia en postos laborais fixos.

MUTUAS (MATEPSS):

As Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social teñen incrementado as súas funcións e actividades nos últimos anos. A causa disto, están incrementando os seus cadros de persoal, sobre todo por conta de especialistas en Medicina do Traballo e en Medicina Familiar e Comunitaria. Adoitan publicar as súas ofertas na prensa xeral.

A remuneración do traballo é alta comparativamente ao tempo de dedicación, calidade de vida e ausencia de penosidade (nocturnidade, turnicidade) con respecto ao traballo tanto en urxencias hospitalarias como extrahospitalarias.

RECOMENDACIÓNS PARA OS NOVOS ESPECIALISTAS:

1. É recomendable ser socio desta Asociación (AGAMFEC): proporciona contacto con outros profesionais do ramo, intercambio de información entre persoas con aspiracións comúns no ámbito profesional, dispoñibilidade para participar en grupos de traballo, acceso a publicacións científicas periódicas e outras vías de formación, etc.
2. Convén estar afiliado a un sindicato para resolver dúbidas de tipo laboral, información sobre convocatorias, duración normativa da xornada laboral, etc. Ademais, son os interlocutores válidos nas negociacións das condicións laborais.
3. Non esquecer a formación continuada (p. ex. www.sergas.es/fegas/) e a investigación (cursos de doutoramento, tese), non só pola permanente necesidade de incrementar a nosa cualificación profesional, que é importante, senón tamén polo currículo.

PÁXINAS WEB DE INTERESE:

- www.sergas.es Páxina do Servizo Galego de Saúde. Na sección Emprego público recóllense as diversas convocatorias, listados de contratación e baremos. En Outros procesos selectivos atópase información sobre selección de persoal nas Fundacións e Empresas Públicas da sanidade galega.
- www.agamfec.com: Páxina da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria. No apartado Bolsa de

traballo figuran esta e outras informacións. Tamén detalles sobre a Bolsa de Investigación en Atención Primaria.

- www.061-galicia.com/asp/index.asp. Apartado Sobre Nós, Recursos Humanos, Convocatoria Selección de Persoal. Aparecen as convocatorias de selección de persoal dos últimos anos.
- www.rediris.es/list/sdis/ofe-trabec/: Distribución de ofertas de emprego e bolsas. Permite, mediante subscripción de balde, a recepción periódica da información de interese. (Sen esquecer o foro MedFam, merece a pena).
- www.scmfic.org: Páxina da Sociedade Catalana de MFeC. Contén un apartado de ofertas laborais para residentes, tanto en Hospitais como en Primaria. (Sección Feinas).
- www.samfyc.es. Páxina da Sociedade Andaluza de MFeC. Visitar apartado de residentes, no que se atopa a Bolsa de emprego e becas.
- www.smmfyc.es/empleo.php Actualizada sección de Ofertas de emprego da Sociedade Madrileña de MFeC.